



MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19

1. ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada situada entre o vestíbulo e o pavillón principal de Expourense, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

Realizarase control de temperatura a todas as persoas que accedan á instalación.

Non se permite o acceso de público.

Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal de organización.

Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.

Os/as adestradores/as das/os atletas participantes, poderán solicitar acreditación ata ás 14:00 horas do 15/01/2021 no formulario publicado na web da Federación Galega de Atletismo: atletismo.gal

2. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Haberá máscaras e xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na grada, na Secretaría, na Cámara de Chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para os tacos de saída das carreiras.

Manterase unha correcta e continua ventilación.

3. VESTIARIOS

Os vestiarios estarán a disposición dos/as atletas. Máximo 5 persoas simultaneamente en cada vestiario.

Non se poderán utilizar ás duchas.

4. CÁMARA DE CHAMADAS

É obrigatorio para todos/as os/as atletas entregar na Cámara de Chamadas a Declaración Responsable, sen a cal non se autorizará a participación.

A Declaración Responsable está dispoñible na web da Federación Galega de Atletismo: atletismo.gal

Os/as atletas recollerán o seu dorsal na Cámara de Chamadas.

5. ZONA DE QUECEMENTO

Os/as atletas poderán facer uso da zona de quecemento de Expourense

O quecemento deberá realizarse de xeito individual, con máscara e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas.

Está prohibido quentar correndo arredor da pista.



6. CARREIRAS

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán destruídas e entregarse unha nova chegada o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha nova máscara.

7. COORDINADOR DE PROTOCOLO FISICOVID-DXT GALEGO

A organización estará a disposición do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.

8. NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FISICOVID – DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.